

Cicerón cóase nunha homenaxe a Paco Martín

Os artesáns Javier Hita e David Soengas reproducen por erro o "Lorem Ipsum", recurso dos deseñadores para facer probas, nunha enorme pedra para agasallar ao escritor

MARCOS SUEIRO | 17/07/2011

Javier Hita e David Soengas, traballadores da pedra ou, dito doutro xeito, escultores e artesáns, recibiron a encarga de preparar un monolito en homenaxe ao escritor Paco Martín. Foi unha petición feita entre a Asociación de Escritores en Lingua Galega e o [Concello de Lugo](#) que os artistas recibiron con agrado e que se converteu nunha anécdota transformada en categoría ao comprobar a inscrición realizada por eles mesmos na obra encargada. E é que os escultores coa axuda do cicel e os martelos labrantes non fixeron outra cousa que reproducir o "Lorem Ipsum", ese recurso de estilo de deseñadores da Roma clásica no que a modo de texto proba serve para facer comprobacións, encaixar o corpo da letra, medir a caixa do texto e elixir o formato. O texto está en latín e así foi colocado na pedra, concretamente Miraz, que trouxeron de Friol e que ten unhas medidas de 220 por 120 e 50 centímetros.

David e Javier non caeron na conta do que estaban facendo e non dubidaron en seguir o procedemento que enviaron desde a asociación de escritores sen reparar que no mesmo correo había un documento adxunto cun fragmento da obra de Martín. Hoxe, e á beira dunha fonte neoclásica que están a rehabilitar festexan o asunto e celebran unha anécdota que dá moito de si. Botando a vista ao procedemento que seguiron, os artistas explican que nun principio lles resultou estraño que un escritor galego contemporáneo acudise ao latín para escribir. David di: "Home, eu cando o vin dixer 'mira ti para os escritores galegos', porque non cría que Das cousas de Ramón Lamote estivese escrito en galego...". E a Javier soáballes de algo o de "Lorem Ipsum" pero non traballou máis esa sensación pasaxeira. Incluso durante o proceso de gravado chanceaban entre eles dicindo "mira que ben o fago eu, sabemos latín e todo".

Chegou o día da homenaxe en vida ao escritor. A pedra foi colocada no seu sitio e cuberta cunha lona e a bandeira galega. No momento de retirar a lona que cubría a peza de solemnidade todo o mundo quedou moi sorprendido. David, de maneira xestual e tamén verbal, aínda reproduce o que aconteceu: "A xente quedou flipada". Non houbo asubíos, nin reproches, nin malos xestos, nin malos modos porque todos acudiron ao sentido do humor para xustificar a equivocación. O primeiro foi Paco Martín e o resto dos seus compañeiros que non pararon un minuto de facer chanzas coa gran equivocación e o escritor homenaxeado foi quen deu as grazas ao público congregado.

O propio presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez, explicou a [Xornal de Galicia](#) que "foi unha simple anécdota" e recordou que no momento da inauguración ao ver o monolito explicou: "Isto foi cousa de Ramón Lamote, que en compañía e coa complicidade do canteiro decidiu facer esa trasnada, algo propio de Lamote". Para o escritor "foi un detalle simpático e co que nos rimos todos". Tamén Cesáreo Sánchez deixou claro que xa se está a preparar unha nova pedra para homenaxear a Paco Martín, que é en realidade o verdadeiro protagonista da homenaxe.

O escultor David Soengas, que se define como "megaoptimista", tivo claro dende o primeiro momento que había que facer outra escultura. Tamén tivo claro que o esvarón non podía quedar aí e había que facer da crise unha oportunidade e sacarlle partido a un erro que en forma de texto é unha icona para moitos dos que se dedican ao deseño gráfico. O canteiro confesou: "Estou seguro que na vida me esquecerei do 'Lorem Ipsum' e nunca mirei un tema tanto en [Google](#) para saber exactamente de que se trata e que di o texto".

Javier Hita chegou a comentarlle o asunto a un profesor da Universidade de Granada co que intercambiou impresións sobre a orixe e a funcionalidade do "Lorem Ipsum". A súa curiosidade levouno a investigar a verdadeira orixe e a día de hoxe sabe ao pé da letra de onde sae este texto que serve como proba aos profesionais. Tal e como se fose un conto, Javier Hita, explica que se trata dun texto de Cicerón cuxa orixe está na obra *De finibus bonorum et malorum* pero que sufriu numerosas variacións ao longo da historia. De feito comezouse a empregar como proba a partires do século XV, pero o seu contido moral do principio foise trocando a través de engadidos, con

algunha referencia sexual, que lle foron facendo. Esta modificación do orixinal tamén veu derivada do seu uso como modelo de imprenta o que propiciou que lle fosen adaptando elementos.

Na actualidade séguese a utilizar aínda que non todos están de acordo con que xa sexa un modelo. O deseñador Marcos Dopico entende este cuestionamento, nada frecuente, ao que o “Lorem Ipsum” é un texto provisional e imaxina que é porque non ofrece un tipo de contidos homologable ao texto definitivo, e matiza: “Eu a verdade é que non escoitei a ningún cuestionar a súa utilidade”. A postura de Dopico coincide coa da academia onde se segue ensinando a pesares de que algúns deseñadores digan que ten que desaparecer porque pode desvirtuar o deseño. Non obstante, os partidarios acérrimos e os afeccionados ao mundo gráfico chegan a tatuarse o texto en distintas partes do corpo: brazos, pernas ou mesmo no peito para homenaxear o modelo ciceroniano do ano 45 antes de Cristo.

Segundo defenden os deseñadores seguidores deste modelo é que é un feito establecido hai demasiado tempo que un lector se distraerá co contido do texto dun sitio mentres que mira o seu deseño. O punto de usar Lorem Ipsum é que ten unha distribución máis ou menos normal das letras, ao contrario do que ocorre con outros modelos que desvían a atención do lector.

O Lorem Ipsum non só sobreviviu 500 anos, senón que tamén ingresou como texto de recheo en documentos electrónicos, quedando esencialmente igual ao orixinal. Foi popularizado nos 60 coa creación das follas “Letraset”, as cales contiñan pasaxes de “Lorem Ipsum”, e máis recentemente con software de autoedición, como Aldus Page Maker, o cal inclúe versións de “Lorem Ipsum”.

O profesor e deseñador gráfico Marcos Dopico segue tamén a utilizar esta ferramenta “porque é moi útil cando o cliente non che dá o texto definitivo e tes que traballar con algo e o ‘Lorem Ipsum’ permíteche simular e resolver de xeito adecuado”. Dopico cre que unha das vantaxes deste texto da literatura clásica é que “non connota nada e serve para disipar dúbidas varias como o tamaño, por exemplo un libro que pode ter gran cantidade de páxinas, sabes empregando o ‘Lorem’ cantas palabras vai ter”.

Marcos Dópico revela que “moitos dos deseñadores non saben se está escrito en grego ou en latín pero iso non lle resta importancia porque practicamente todo o mundo o emprega e para nós e unha ferramenta básica de traballo que agora se pode baixar de internet e permite facer combinacións varias para obter o mellor resultado”.

Tamén para os escultores de Antas de Ulla foi un descubrimento que nunca pararán de agradecerllo ao escritor Paco Martín. Teñen vocación de converterse en seguidores do “Lorem Ipsum” e facer unha pequena homenaxe ao texto. De momento a idea na que traballan é gravalo en cantos rodados para cubrir o chan dunha habitación e facer unha intervención. Non descartan ningún espazo, incluso o Centro Galego de Arte Contemporánea, pero tamén se conforman, porque non son megalómanos, cun sitio máis pequeno.

O monolito segue en pé no taller pero non serve para homenaxear a Paco Martín. Teñen que facer outro “porque o escritor ben o merece”. Os escultores van colocar nun bo lugar do seu taller central en Recendes, A Palleira, no concello de Antas de Ulla e incluso non dubidan que pode ser un centro de peregrinaxe para os máis fans do deseño gráfico e de feito convidan a todos os interesados a pasarse pola palleira para ver o resultado dunha obra que non esquecerán nunca.